

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES QUE REXERÁN O CONTRATO DE SERVIZOS “XESTIÓN DAS PISCINAS MUNICIPAIS CUBERTAS E DESCUBERTAS DO CONCELLO DE ARZÚA”.

1.- OBXECTO.

Será obxecto deste contrato establecelos criterios e condicións técnicas que han de rexer as actuacións para a xestión, explotación e mantemento nas piscinas municipais do Concello de Arzúa mediante contrato de concesión do servizo.

As citadas instalacións deportivas ubícanse no Complexo Deportivo situado entre rúa Piñeiral e rúa do Viso, con código postal 15810 de Arzúa (A Coruña).

As instalacións deportivas e programa de espazos das mesmas obxecto do contrato son:

PISCINA CUBERTA.

Edificio que consta de:

- Pranta baixa: ubícanse o hall de entrada, recepción e oficina, vestiarios, piscina climatizada con solárium exterior, sala fitness e sala de ciclo indoor.

- Pranta sótano: ubícase unha (1) sala de actividades dirixidas, ubícanse as instalacións técnicas do edificio como son as instalacións de depuración, deshumectadora, caldeira e demais instalacións propias deste tipo de edificio. A conexión co resto da pranta é por unha porta de acceso restrinxido para conectar coa dependencia do persoal do centro.

PISCINAS DESCUBERTAS.

Espazo deportivo o aire libre que consta de:

- Dos vasos, polivalente e infantil.
- Solarium exterior.

Será obxecto do presente contrato a prestación dos seguintes servizos:

- Dirección e coordinación técnica.
- Control de acceso ás instalacións e xestión de usuarios.
- Ensinanza e adestramento das actividades deportivas detalladas nestes pregos.
- Socorrismo.
- Limpeza das instalacións.
- Conservación e mantemento de instalacións, maquinaria e equipos.

2.- DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato terá unha duración de dez (10) anos, contado desde o día seguinte ao da súa formalización, podendo prorrogarse por períodos sucesivos dun (1) ano ata unha duración máxima de dous (2) anos.

3.- HORARIO.

As instalacións deportivas da piscina climatizada terá o seguinte horario de apertura ao público:

- Luns a venres: de 9:30 a 13:30 e de 17:00 a 22:30 horas.
- Sábados: de 10:30 a 13:30 e de 16:00 a 20:00 horas.
- Domingos e festivos: de 11:00 a 14:00 horas.

(Os días 1 de xaneiro e 25 de decembro as instalacións permanecerán pechadas).

As piscinas de verán terán o seguinte horario de apertura ao público:

- Luns a domingos: de 12:00 a 20:00 horas.
- Festivos: de 12:00 a 20:00.

As instalacións abrirán dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro.

A totalidade do horario deberá ser cuberto polo contratista, que deberá dispor do persoal suficiente e necesario. Así mesmo, o adxudicatario tamén deberá cubrir as ausencias dos empregados que prestan servizos análogos no complexo durante as ausencias en días festivos (segundo calendario laboral) e períodos de vacacións.

4.- CONTROL DE ACCESO ÁS INSTALACIÓNS E XESTIÓN DE USUARIOS.

Os servizos de control de acceso dos usuarios ás instalacións e xestión de usuarios comprenderán:

- A recepción e control de acceso de usuarios ás instalacións das piscinas municipais mediante un sistema informatizado.
- A recollida de solicitudes e documentación para a alta de novos usuarios, para a tramitación da súa baixa ou modificación das súas circunstancias.
- A venda e cobro das entradas para o acceso ás instalacións do complexo deportivo realizarase baixo a dirección e supervisión dun empregado público municipal.

O contratista correrá cos gastos do material de oficina e papelería en xeral que sexa necesario para o desenvolvemento do servizo.

O contratista disporá de personal para o control dos accesos dos usuarios durante a totalidade do horario de apertura.

5.- LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS.

1.- Os traballos de limpeza inclúen todas as instalacións e elementos, exteriores e interiores, que forman parte do Complexo Deportivo das Piscinas Municipais, tales como superficies horizontais e verticais, portas, ventás, mobiliario, material técnico, aseos, vestiarios ou vaso e corredor das piscinas.

2.- Os traballos de limpeza en profundidade realizaranse preferentemente nun horario que non interfira no desenvolvemento das actividades nin no servizo directo ao usuario.

3.- A execución destas prestacións realizarase con axuste a unhas normas básicas e esenciais de protección e respecto ao medio ambiente e normativa aplicable, de acordo coas seguintes prescricións mínimas:

- a) Limpeza diaria: incluírá todos os vestiarios, solos, servizos hixiénicos, lavabos, duchas, recepción, ximnasio e a súa maquinaria, así como bancos, espellos (vestiarios, aseos e ximnasio), colgadores de roupa, taquillas e mobiliario similar.

A limpeza e desinfección realizarase con produtos adecuados.

Nas dependenzas indicadas manterase unha atención permanente durante o horario de apertura da instalación, de xeito que exista unha limpeza continua.

- b) Cunha periodicidade mínima de dúas (2) veces ao día deberán limparse e desinfectarse as seguintes instalacións:
- Vestiarios, con especial atención a solos, servizos hixiénicos e lavabos.
 - Sauna.
 - Ximnasio, con especial atención a solos, sala de actividades, máquinas e cristaleiras.
- c) As paredes, teitos, mamparas e cristais deberán limparse como mínimo cada quince (15) días ou cando o seu aspecto o requira.
- d) As superficies de metal limparanse e abrillantaranse cada quince (15) días.
- e) Cunha periodicidade trimestral mínima deberá realizarse unha limpeza especial consistente no varrido ou aspirado e fregado de todos os pavimentos interiores (corredores, salas, recepción, servizos hixiénicos, ximnasio, etc) movendo a totalidade do mobiliario, e limpando en profundidade paredes, portas, cercos das ventás, lámpadas, cromados, dourados e equipamento en xeral.
- f) Os produtos de limpeza a empregar estarán indicados para a limpeza e desinfección das instalacións e non serán susceptibles, polas súas características e concentración, danar as superficies e elementos sobre os que se apliquen, especialmente os pavimentos, mobiliario e equipamento deportivo.
- Na medida do posible, empregaranse produtos de limpeza respectuosos co medio ambiente e coa saúde das persoas.
- g) O adxudicatario será responsable da correcta xestión dos residuos xerados.
- h) As ampliacións e melloras realizadas nas instalacións pasarán a ser de propiedade municipal ao remate do contrato, sen dereito a contraprestación ou indemnización para o adxudicatario.

4.- Son de conta do contratista os gastos de adquisición do material e produtos necesarios para a limpeza e desinfección de todas instalacións, así como os produtos de hixiene dos servizos, tales como papel hixiénico, toallíñas de papel e similares.

5.- O Contratista deberá de asinar a este servizo o persoal suficiente e necesario para manter as instalacións en perfecto estado de limpeza.

6.- MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS.

1.- Comprende a realización das tarefas de control de augas, incluíndo a realización das análises mensuais de calidade das augas nas condicións establecidas no Decreto 103/2005, Regulamento técnico-sanitario das piscinas de uso colectivo control, e o mantemento integral da totalidade de instalacións e equipos do Complexo Deportivo das Piscinas Municipais.

2.- As labores de mantemento comprenderán o mantemento preventivo, de optimización de recursos, técnico legal e correctivo, que se desenvolverán de acordo coas seguintes características xerais:

- a) Manipulación, mantemento e conservación da maquinaria para o control e funcionamento do complexo, segundo as especificacións do fabricante.
- b) Mantemento, conservación e manipulación das máquinas de exercicio e mobiliario deportivo.
- c) Emisión dun informe mensual dos traballos de mantemento realizados e as incidencias xurdidas.
- d) Comunicarase ao responsable do contrato calquera tipo de incidencia nas instalacións ou equipos.
- e) O concello poderá executar libremente cantas obras novas ou de reforma estime convenientes nas instalacións.
- f) O contratista deberá presentar plans protocolizados de traballo referidos ás labores de mantemento.

3.- Son de conta do contratista os gastos de conservación, as reparacións e o mantemento ordinario dos equipos e das instalacións, incluíndo:

- A adquisición dos produtos e materiais necesarios para a limpeza e desinfección dos vasos, sauna e baño turco (cloro, bromo, incrementador de ph, floculante, antialgas, etc).
- Os gastos de mantemento técnico legal, tales como os de revisión de caldeiras, auga quente sanitaria, e climatización, análises de auga conforme a normativa vixente, tratamento da legionela, protección contra incendios, instalación eléctrica de baixa tensión e grupo electrógeno, os tratamentos de DDD (Desinfección, desratización e desinsectación, e, en xeral, todos aqueles correspondentes a operacións necesarias segundo a lexislación aplicable durante a vixencia do contrato ou precisos para asegurar o correcto funcionamento das Instalacións Deportivas obxecto do contrato.
- O personal necesario para a conservación de mantemento do edificio, continente e contido.

4.- O contratista deberá de asignar a este servizo persoal específico en magnitude suficiente que garante un bo mantemento das instalacións.

7.- SOCORRISMO E PRIMEIROS AUXILIOS.

1.- Os servizos de salvamento e socorrismo terán por obxecto os seguintes cometidos:

- a) Vixilancia permanente dos vasos da piscina e praias para a prevención de accidentes.
- b) Asistencia aos usuarios que se atopen nas piscinas.
- c) Aplicación de primeiros auxilios cando sexa necesario.
- d) Colaboración no traslado de accidentados.
- e) Supervisión do correcto estado dos vasos, andéns, corcheiras e demais elementos das zonas de baño, contribuíndo a subsanar carencias ou fallos de ubicación, na medida do posible, para o correcto desenvolvemento da actividade.
- f) Supervisar e controlar o correcto uso das instalacións polos bañistas, velando permanentemente polo cumprimento rigoroso das normas e instrucións de seguridade e de comportamento ditadas para o uso dos vasos e dependenzas anexas.

2.- O persoal do contratista que preste os servizos de socorrismo e primeiros auxilios, baixo a responsabilidade daquel, estará obrigado a:

- a) Cumprir estritamente coas esixencias e actuacións derivadas da completa observancia das normativa aplicable en todo momento ás piscinas de uso público e directamente relacionada cos seus cometidos.
- b) Estar identificado coa vestimenta oficial durante todo o horario de apertura das instalacións, de xeito que a súa condición poida ser advertida inmediatamente por calquera usuario. A camiseta deste persoal será dunha cor rechamante e levará serigrafiada na zona dorsal superior o texto "SOCORRISTA".
- c) Informar a quen corresponda de todas as incidencias e anomalías acontecidas e/ou que afecten á actividade e factores asociados.
- d) Dispor da titulación legalmente esixible en materia de socorrismo acuático e técnico de primeiros auxilios.

3.- O contratista deberá de dispoñer de socorrista na piscina durante todo o horario de apertura das instalacións.

8.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS E MONITORAXE.

1.- Correspóndelle á Concellería de Facenda a elaboración do calendario e horario de impartición de actividades, sempre con respecto as actividades, frecuencias e duración das sesións establecidas no presente prego.

Esa información será remitida ao adxudicatario con, polo menos, quince (15) días naturais de antelación a data prevista para o comezo das actividades.

A Concellería de Facenda poderá variar, antes do comezo de cada actividade ou cando concorran razóns obxectivas que o aconsellen, a organización das actividades, comunicándollo ao contratista con quince (15) días naturais de antelación. Así mesmo, por razóns xustificadas e comunicándoo coa antelación suficiente o concello poderá destinar as instalacións nas que se estean impartindo actividades a outros usos.

2.- O contratista deberá prestar os seguintes servizos:

- a) Actividades acuáticas, con arranxo ás seguintes prescricións:
 - Prestados por monitores titulados para a ensinanza da natación.
 - Os grupos de alumnos non superarán as dez (10) persoas, agás nos casos para centros públicos.
 - A duración das sesións será dunha (1) hora.
 - Como mínimo desenvolveranse os seguintes cursos coas frecuencias que se indican:
 - Centros educativos, dirixidos a alumnos de Educación Infantil, Primaria e Secundaria: 2 días por semana.
 - Escola de natación para nenos de 3 a 16 anos: 2 días por semana.
 - Natación para adultos con niveis de iniciación, medio e perfeccionamento: 2 días por semana.
 - Natación para a 3ª idade e actividade física adaptada: 2 días por semana.
 - Natación preventiva: 2 días por semana.
 - "Aquagym": 2 días por semana.
 - Natación prenatal: 2 días por semana.

- Natación para bebés: 2 días por semana.

b) Actividades en seco, que terá por obxecto as seguintes prestacións:

- Atención e asesoramento aos usuarios, informándoos do equipamento existente, do modo correcto de uso, dos tempos e períodos recomendados e outras cuestións de interese.
- Control e vixilancia do correcto funcionamento e uso do material e equipamento.
- Vixiar e controlar o estrito cumprimento da normativa de uso das instalacións.
- Elaboración de rutinas de adestramento e programacións deportivas.
- Como mínimo desenvolveranse os seguintes actividades dirixidas coas frecuencias que se indican:
 - Pilates: 2 días por semana.
 - Ximnasia para maiores: 2 días por semana.
 - Aerobic: 2 días por semana.
 - Ximnasia de mantemento: 2 días por semana.

Todos os cursos desenvolveranse entre o 1 de setembro e o 30 de xuño. Por razón da mellor organización das actividades, o inicio ou remate dos diferentes cursos poderá adiantarse ou adiarse ata 15 días.

3.- A impartición dos cursos na piscina ou no ximnasio adecuaranse ás seguintes condicións:

- a) As quendas e horarios serán organizadas polo Concello.
- b) O contratista designará un coordinador dos cursos, que será o responsable de organizar os grupos e controlar o seu correcto funcionamento.
- c) Os cursos, diferentes dos previstos nestes pregos, que se impartan rexeranse por estas mesmas condicións.
- d) O contratista deberá publicar mediante carteis ou anuncios o horario das actividades, o seu prezo, se é o caso, o lugar de impartición e o nome dos monitores.

4.- A prestación de actividades deportivas comprenderá o aluguer de gorros, gafas, pinzas e chanclas para o acceso ao vaso da piscina, que se axustará aos prezos establecidos en ordeanza. A dotación dos equipos de aluguer será de conta do contratista, así como o seu mantemento nun estado axeitado e renovación cando proceda.

O contratista deberá de asignar un monitor deportivo especialista para o ximnasio, o cal terá unha asignación horaria semanal suficiente que garante unha correcta atención aos usuarios.

O contratista deberá de asignar os monitores deportivos para os cursos de natación e actividades dirixidas tanto en auga como en seco que sexan necesarios en función da oferta e demanda do servizo.

9.- AS TARIFAS.

As tarifas que deberán satisfacer os usuarios polos servizos que ofrezca o concesionario serán as que figuran no presente prego e no de prescriciones administrativas. As tarifas haberán de basearse en costes reais, tendo en conta a conservación, amortización das inversións, custes de reposicións, beneficios empresariais, etc. A tal efecto deberán así consignarse no plan de explotación integral. A revisión das tarifas entendidas como revisión de prezos no procederá de

conformidade co Real Decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenrola na Lei 2/2015 de 30 de marzo, de Desindexación da economía española.

ABONOS	PVP	€ (sen IVE)		
MATRÍCULA	13,55 €	11,20 €		
INDIVIDUAL (22 a 60 anos)	21,50 €	17,77 €		
FAMILIAR TITULAR	21,50 €	17,77 €		
Cónxuxe	4,20 €	3,47 €		
Fillo 0-5 anos	Gratis	Gratis		
Fillo 6-17 anos	4,20 €	3,47 €		
3º Fillo	Gratis	Gratis		
3º IDADE (Maior 60 anos)	18,10 €	14,96 €		
FAMILIAR 3º IDADE TITULAR	21,50 €	17,77 €		
incluye Conxuxe >65 anos				
XOVEN (16 a 21 anos)	18,10 €	14,96 €		
MAÑAS	18,10 €	14,96 €		
CURSOS DE NATACIÓN	PVP	€ (sen IVE)		
INICIACIÓN	64,50 €	53,31 €		
PERFECCIONAMENTO	64,50 €	53,31 €		
TERAPÉUTICA (2 DÍAS)	64,50 €	53,31 €		
TERAPÉUTICA (3 DÍAS)	84,80 €	70,08 €		
ENTRADA PISCINA CLIMATIZADA	Tempada		Verán (15 xuñ/15 sep)	
	PVP	€ (sen IVE)	PVP	€ (sen IVE)
ENTRADA INDIVIDUAL ADULTO	3,40 €	2,81 €	4,60 €	3,80 €
ENTRADA <18 ANOS	2,25 €	1,86 €	4,60 €	3,80 €
ENTRADA >60 ANOS	2,25 €	1,86 €	4,60 €	3,80 €
BONO 12 SESIÓNS	35,00 €	28,93 €	48,00 €	39,67 €
ENTRADA PISCINAS DE VERÁN	PVP	€ (sen IVE)		
ENTRADA <7 y >65 ANOS	Gratis	Gratis		
ENTRADA XOVEN 7 -14 ANOS	2,30 €	1,90 €		
ENTRADA INDIVIDUAL 14-65 ANOS	3,40 €	2,81 €		
BONO 10 (<14 ANOS)	10,20 €	8,43 €		
BONO 20 (<14 ANOS)	13,55 €	11,20 €		
BONO 10 (>14 ANOS)	13,55 €	11,20 €		
BONO 20 (>14 ANOS)	17,00 €	14,05 €		
BONO TEMPADA (<14 ANOS)	17,10 €	14,13 €		
BONO TEMPADA (>14 ANOS)	20,25 €	16,74 €		
BONO TEMPADA FAMILIAR	22,60 €	18,68 €		

10.- NORMATIVA EN MATERIA DE PISCINAS.

O contratista executará o contrato con estrita observancia do previsto no RD 742/2013, do 27 de setembro, e no Decreto 103/2005, do 6 de maio, de regulamentación de sanitaria de piscinas de uso colectivo, ou nas normas que os substitúan, así como outras complementarias ou semellantes que poidan ditarse na materia.

11.- PERSOAL.

1.- Correspóndelle ao contratista determinar o cadro de persoal necesario para a prestación dos servizos obxecto do contrato, adscribindo ao servizo ao persoal necesario e suficiente para garantir unha adecuada e eficaz prestación dos servizos. Todo iso sen prexuízo da posibilidade de subcontratar determinadas prestacións de acordo co previsto nos pregos de cláusulas administrativas.

Tanto o cadro de persoal como as súas modificacións (contratacións e extincións de relacións laborais) deberán comunicarse ao concello. A requirimento do Concello, o contratista deberá presentar copia dos contratos laborais.

2.- O adxudicatario designará un **coordinador das actividades** que terá as seguintes funcións:

- a) Representará ao adxudicatario nas relacións ante o concello e será o encargado de recibir as ordes de dirección deste para a execución dos servizos obxecto do contrato.
- b) Asistirá ás reunións ás que fose convocado polo concello.
- c) Solicitará ao concello a información que precise para a correcta execución das actividades, propoñendo a adopción das medidas que estime precisas para a mellora da calidade do servizo.
- d) Informará aos destinatarios das actividades do seu contido, material a utilizar, horarios, etc. e difundirá as actividades e emitirá os informes sobre o servizo que lle fosen solicitados polo Concello.

3.- O persoal deberá estar contratado segundo as condicións establecidas na lexislación laboral vixente, cumpríndose as condicións económicas do convenio laboral aplicable.

4.- O persoal adscrito á prestación dos servizos deberá posuír a formación e titulación mínima legalmente esixible.

5.- O adxudicatario deberá cubrir de inmediato as baixas producidas por enfermidade, absentismo laboral ou calquera outra causa.

O persoal substituto deberá ter como mínimo a mesma cualificación técnica ou profesional que o substituído, agás nos casos imposibilidade momentánea debidamente xustificada, que se considerarán extraordinarios, coa obriga de retornar á situación correcta no prazo de tempo mais curto posible.

6.- Para o bo funcionamento do servizo, o persoal deberá prestar especial observancia ás seguintes regras:

- a) Acudir ao seu lugar de traballo puntualmente, respectando os horarios da actividade.
- b) Respectar as indicacións do persoal responsable das instalacións nas que se preste o servizo.
- c) Garantir que o persoal que presta os servizos exerza o seu traballo respectando ás normas internas das instalacións e regulamento de uso das mesmas e que velarán por que os usuarios cumpran igualmente esas normas.
- d) Garantir que o persoal que preste os servizos coiden e salvagarden o material que para a execución do contrato poña á súa disposición o concello, recolléndoo e gardándoo correctamente logo da súa utilización.
- e) Cando por causa de forza maior o responsable da impartición da actividade non puidese acudir a realizala, deberá comunicalo en tempo suficiente á empresa adxudicatária para que poida substituílo.
- f) O persoal que imparta actividades farao unicamente ás persoas debidamente inscritas, debendo vixiar por tanto que tan so participan alumnos autorizados.

- g) Dará aviso á Concellería de Facenda de calquera anomalía ou dano que aprecie, ben na instalación na que se desenvolve a actividade ben nos medios materiais utilizados.
- h) Ofrecerá aos usuarios un trato amable e respectuoso nas cuestións que lles sexan prantexadas.
- i) Non transmitirá, nin permitirá que se faga na súa presenza, ideas nin conceptos de índole política, relixiosa, sexista nin, en xeral, ideas contrarias ao ordenamento legal vixente.
- j) Difundirá o proxecto deportivo do Concello de Arzúa, transmitindo unha imaxe positiva do mesmo.

5.- O contratista deberá dotar ao persoal do uniforme e medios precisos para o desenvolvemento das súas funcións no eido do contrato e será responsable do seu bo estado e limpeza.

Todo o persoal do contratista portará unha tarxeta de identificación cos seguintes datos: nome do traballador.

O persoal que preste servizos de monitoraxe disporá dun uniforme composto, alomenos, por unha camiseta de manga curta dunha cor que facilite a súa identificación. Os socorristas levarán unha camiseta dunha cor rechamante co texto "SOCORRISTA" serigrafiado na zona dorsal superior.

6.- O contratista ten a obrigación de subrogar aos traballadores que traballan nas instalacións obxecto do contrato, definido neste cadro:

Identificador	Categoría	Categoría	Tipo	Inicio	Antigüedad	% Jornada	S.Base	Seg. Social	Coste total
CAVIB	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Ordinario Indefinido T.C.	1/11/13	1/10/08	100	10.628,50 €	5.925,84 €	22.602,77 €
REFEMT	GRUPO 5	Limpiador	Ordinario Indefinido T.P.	1/11/13	1/10/08	57,5	6.377,49 €	3.669,06 €	14.820,94 €
PAMAMC	GRUPO 5	Limpiador	Ordinario Indefinido T.P.	1/11/13	16/9/10	57,69	6.398,56 €	3.496,51 €	14.123,86 €
VAPUML	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Ordinario Indefinido T.C.	1/11/13	16/9/09	100	11.492,55 €	5.809,95 €	23.572,02 €
COVAE	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Indefinido T.P. - Transformación	1/10/15	14/1/12	84,2	9.125,23 €	4.154,53 €	16.858,33 €
SAMOMJ	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Indefinido T.P. - Transformación	1/10/15	15/6/12	86,84	9.201,28 €	4.323,43 €	17.464,55 €
LAVAJM	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Indefinido T.P. - Transformación	9/11/15	24/10/13	79	9.079,14 €	3.753,82 €	15.163,52 €
FEMET	GRUPO 3 NII	Monitor multidisciplinar	Duración Determinada T.P. - Obra o Servicio	1/10/17	1/10/17	39,47	4.614,51 €	2.310,55 €	9.288,69 €
						6,047 pers.	66.917,26 €	33.443,69 €	133.894,68 €

12.- DEREITOS DO CONTRATISTA.

1.- O contratista terá en todo caso os seguintes dereitos:

- Ás prestacións económicas na contía e nos termos previstos nos pregos de cláusulas administrativas.
- Utilizar os bens do servizo público necesarios para a correcta execución do contrato.
- Propórllle ao concello as modificacións dos servizos que estime convenientes para a súa mellor prestación.

13.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

1.- Son obrigas do contratista, ademais das contempladas nos pregos de cláusulas administrativas, as seguintes:

- Obter, ao seu cargo e con anterioridade ao inicio da prestación dos servizos, as licenzas e autorizacións necesarias para o seu desenvolvemento.
- Presentar, antes de iniciar a execución do contrato, unha declaración responsable do seu representante legal poñendo de manifesto que se realizou a avaliación de riscos e

a planificación da súa actividade preventiva, así como que cumpriron as obrigas en materia de formación e información respecto aos traballadores que van prestar os servizos.

- Respetar en todo o momento as diferentes ordenanzas reguladoras da utilización de edificios, locais e instalacións municipais do Concello de Arzúa.
- Respetar en todo o momento a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo das piscinas municipais, cubertas e descubertas.
- Para garantir o mantemento en correcto estado de conservación, hixiene e limpeza as instalacións e mobles, realizando as reparacións que fosen precisas, o contratista elaborará un plan de conservación e mantemento, que presentará ao concello, no que se incluírán, como mínimo: operacións a realizar, frecuencia e persoal encargado, avaliación de riscos e protocolos de traballo.
- Cunha periodicidade mensual entregaranse ao concello informes sobre o cumprimento do plan de mantemento, estado dos equipos, operacións realizadas, incidencias e usos.
- Prestar os servizos de maneira continuada, coa regularidade establecida nos pregos de cláusulas e prescricións técnicas particulares e conforme á oferta que realizase.
- Cumprir co programa de actividades e servizos confeccionado polo Concello. Se o contratista quixese ofertar algún servizo novo deberá recadar a autorización da Administración e especificar as súas características e custos.
- Procurar que os servizos se presten con rapidez, eficacia e discreción, especialmente aqueles cuxos destinatarios finais son os usuarios das instalacións.
- Contratar os seguros previstos no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Coidar a boa orde do servizo, velando para que os usuarios das instalacións respecten as normas contidas nos regulamentos e ordenanzas vixentes.
- Se o concello precisa empregar as instalacións fóra do plan de uso que se estableza, comunicarllo ao contratista cunha antelación mínima de 7 días, debendo este aterse ao indicado.
- Indemnizar aos usuarios e terceiras persoas os danos e menoscabos nos seus bens e dereitos que se lle ocasionen como consecuencia da prestación dos servizos.
- Responder dos danos e prexuízos causados aos bens e dereitos de titularidade municipal.
- O contratista non poderá realizar obras nas instalacións sen a previa autorización do concello.
- O adxudicatario non poderá expor ningún tipo de publicidade no interior ou exterior das instalacións sen autorización do Concello.
- Colaborar co Concello no control do cobro das tarifas pola utilización das instalacións.
- Colaborar co Concello de Arzúa na difusión do servizo público que se presta no Complexo Deportivo, de acordo coas pautas marcadas pola Administración.

2.- O contratista designará un representante nas instalacións que será o responsable de darlle as ordes e instrucións ao seu propio persoal e de recibir as que o concello lle transmita.

3.- As instalacións deportivas de piscina, cuberta e descubertas, son un servizo público municipal e o seu uso estará aberto a todo o público que cumpra as condicións e requisitos de acceso previstos na súa normativa reguladora, non podendo o contratista impedir ou dificultar o

acceso a quen reúna aquelas condicións e requisitos. Todo iso sen prexuízo das limitacións de acceso derivadas do pagamento do prezo dos servizos e da capacidade e características das instalacións.

4.- O contratista cederá gratuitamente espazos deportivos o Concello en relación de:

Espazo de piscina (2 rúas):

- Luns: 17:15 a 22 horas.
- Martes: 16 a 20.30 horas.
- Mércores: 16 a 22 horas.
- Xoves: 16 a 20.30 horas.
- Venres: 16 a 22 horas.
- Sábados: 10.30 a 13.00 horas.

Espazo de piscina (en período escolar):

- Luns: 9.45-10.30 e 12.00-12.45 horas.
- Martes: 9.45-10.30 horas.
- Mércores: 9.45-10.30 e 12.30-13.15 horas.
- Xoves: 9.45-10.30 e 12.30-13.15 horas

PISCINA CLIMATIZADA (en fin de semana ou festivo):

- O Concello resérvase catro (4) días o ano para realizar competición de natación.

Estes horarios poderán variar, de maneira que o principio de cada tempada o Concello e o Contratista os acordarán.

15.- PREZO DO CONTRATO.

O servizo prestarase polo adxudicatario ao seu risco e ventura, resarcíndose do servizo coa cantidade, a aboar polo concello, de acordo co estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares.

16.- FACULTADE DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN

1.- Correspóndelle a Concellería de facenda a facultade de inspección e vixilancia do correcto cumprimento do contrato.

O técnico de facenda así como o arquitecto municipal terán a consideración de responsable do contrato para as actividades que lles corresponden, coas funcións que lle atribúe o art. 52 TRLCSP.

2.- Para o adecuado control e seguimento dos servizos, o contratista deberá presentar no concello os documentos e informes que se detallan, coa periodicidade que se indica:

- a) Semanal.

- Parte de incidencias, sen prexuízo da obriga de comunicación inmediata, e información significativa que afecte ao servizo.
- Datos técnicos das instalacións, tales como temperatura da auga, niveis de ph, cloro, humidade e similares, sen prexuízo da exposición deses datos no taboleiro de anuncios do Complexo Deportivo.

b) Mensual.

- Cuadrante de actividades e do uso das instalacións.
- Estado do cumprimento do plan de mantemento establecido.
- Documentación xustificativa do cumprimento da lexislación laboral, de seguridade e hixiene no traballo e das obrigas fiscais.

c) Trimestral.

- Informe dos traballos de mantemento preventivo e correctivo realizados e sobre o estado dos equipos.
- Memoria trimestral cos datos de asistencia de usuarios ás actividades impartidas, desglosados por meses.